

# MEMORIA FIN DE CURSO 2022/2023 CEIP. VIRXE DO ROCIO

COD. 36010009




RÚA ROCÍO, 70 CP. 36208

TELF. 886120860 / 886120862 / 658715569

# PICO PENSA E CREA LINDO

Este é o proxecto que presentamos para o presente curso escolar, foi elexido pola maioría do profesorado a finais do curso pasado e desenvolveuse durante todo o curso escolar. Este proxecto interdisciplinar programouse verticalmente e se levou a cabo por todo o alumnado da escola e invadiu a vida diaria do centro con actividades que permitiron ao alumnado descubrir o mundo no que viven. Alén do Resío, serviu de desculpa para o traballo de investigación, lecturas e desenvolvemento do noso alumnado adentrándoos na cidade na que viven, facéndoos conscientes dos recursos que contan na súa contorna.



<b>INTRODUCCIÓN</b>	<b>3</b>
✓ <b>GRAO DE CUMPRIMENTO DA PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL. REFLEXIÓN SOBRE OS OBXECTIVOS</b>	5
✓ <b>REFLEXIÓN SOBRE A ORGANIZACIÓN, OS HORARIOS E CALENDARIOS</b>	11
✓ <b>REFLEXIÓN SOBRE A ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DOS ESPAZOS E RECURSOS EDUCATIVOS</b>	14
✓ <b>MEMORIA E VALORACIÓN DOS DISTINTOS NIVEIS E ETAPAS EDUCATIVAS</b>	15
✓ <b>EDUCACIÓN INFANTIL</b>	15
✓ <b>EDUCACIÓN PRIMARIA</b>	16
✓ <b>MEMORIA DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS</b>	16
✓ <b>MEMORIA VALORACIÓN DOS ESPECIALISTAS</b>	17
✓ <b>LINGUA EXTRANXEIRA : INGLÉS</b>	17
✓ <b>RELIXIÓN CATÓLICA</b>	17
✓ <b>EDUCACIÓN FÍSICA</b>	17
✓ <b>EDUCACIÓN ARTÍSTICA</b>	17
✓ <b>MEMORIA VALORACIÓN DAS ACTIVIDADES DE FORMACIÓN</b>	17
✓ <b>MEMORIA VALORACIÓN DO PERSOAL NON DOCENTE</b>	22
✓ <b>MEMORIA VALORACIÓN DOS SERVIZOS ESCOLARES COMPLEMENTARIOS</b>	22
✓ <b>MEMORIA VALORACIÓN DAS RELACIÓNS E ACTIVIDADES FAMILIA ESCOLA E OUTROS CENTROS, INSTITUCIÓNS E COLABORADORES.</b>	23
✓ <b>MEMORIA DE SECRETARÍA</b>	23
✓ <b>MEMORIA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN</b>	24
✓ <b>MEMORIA DE PEDAGOXÍA TERAPEÚTICA</b>	24
✓ <b>MEMORIA DE AUDICIÓN E LINGUAXE</b>	24
✓ <b>MEMORIA DA BIBLIOTECA</b>	25
✓ <b>MEMORIA DO EDNL</b>	28
✓ <b>MEMORIA VALORACIÓN DA AVALIACIÓN</b>	28
✓ <b>MEMORIA VALORACIÓN DA FORMACIÓN DO PROFESORADO</b>	29
✓ <b>VALORACIÓN GLOBAL, PROPOSTAS DE MELLORA E INNOVACIÓN</b>	29
✓ <b>APROBACIÓN DA PRESENTE MEMORIA</b>	31



## INTRODUCCIÓN.

De acordo coa normativa vixente remitimos a seguinte MEMORIA para este curso 2022/2023, coa aprobación do Consello Escolar do colexio.

<b>ESCOLA</b>	<b>C.E.I.P. VIRXE DO ROCÍO.</b>
<b>ENDEREZO</b>	<i>R/ Rocío, nº 70.</i>
<b>CÓDIGO POSTAL</b>	<i>36208 Vigo</i>
<b>CÓDIGO DE CENTRO</b>	<i>36010009</i>
<b>PROVINCIA</b>	<i>PONTEVEDRA (36)</i>
<b>CONCELLO</b>	<i>VIGO (36057)</i>
<b>TELÉFONOS</b>	<i>886120860/ 886120862 / 658715569</i>
<b>E-CORREO</b>	<i>ceip.virxe.rocio@edu.xunta.gal</i>
<b>INSTITUTO AO QUE ESTÁ ADSCRITO</b>	<b>IES.ALEXANDRE BÓVEDA.</b>

*Nesta Memoria pretendemos analizar a experiencia educativa desenvolvida ao longo do presente curso escolar. Un curso escolar no que por fin deixamos atrás as restricións COVID.*

*O pasado verán, foi preocupante, e os inicios en setembro complexos. Comezaba un curso con poucos días para a o coñecemento do novo profesorado e cunha nova lei, que inquietaba e trouxo cambios nas programacións, nas rúbricas... Preocupaba e importaba o benestar emocional do profesorado mailo alumnado.*

*Os mestres e mestras, formamos un grupo de traballo e de formación nas novas tecnoloxías, tivemos que re elaborar un Plan Dixital, adaptarnos e coñecer o PROENS. Un curso que prometía renovación do material tecnolóxico, equipamento para os equipos directivos, que non chegou e dotación de paneis dixitais interactivo para todas as aulas. Só chegou para infantil e primeiro ciclo de primaria; pero con elas chega un cambio necesario, pois os EDI estaban a dar moitos problemas. Agora esperamos a dotación das outras aulas, e que resida o sentido común. Non se pode levar a cabo un programa EDIXGAL sen seguridade, nin medios. Levamos dende o mes de abril co carro de carga da aula 6A estragado. A día de hoxe continúa do mesmo xeito.*

*Certa é a chegada de 19 ultraportátiles cun carro de carga pequeno e móbil para poder dar cobertura ás aulas que precisen facer traballo conxunto cos computadores. Unha grande achega tecnolóxica para poder traballar a competencia dixital co alumnado dun grupo/clase ao mesmo tempo.*



*Pódese asegurar que foi un curso de moito traballo. Traballo arduo e complicado, moitos trámites administrativos, moitos problemas nos que tivemos que manter moitas xuntanzas ocn familias, servicios sociais, iniciar trámites de absentismo... Agora máis que nunca, temos que ser realistas, e recoller as conclusións máis salientables da análise e avaliación non só da PXA e o seu grao de cumprimento, senón de todas e cada unha das situacións nas que nos vimos envoltos ao longo do curso escolar.*

- ✓ *A metodoloxía empregada e o xeito desenvolvea foi importante, fíxose unha análise das memorias dos departamentos, dos plans e proxectos complementarios, das actas dos distintos equipos docentes,... Facer esta reflexión é sempre moi positivo de cara a mellorar no noso quefacer diario. Nós, que somos os profesionais debemos sempre estar seguros de que facemos ben o traballo. Somos un grupo humano que, traballamos ben e arreo a diario, pois nas nosas mans está o futuro da sociedade.*
- ✓ *Intentamos achegar ao alumnado as nosas tradicións e a nosa lingua, mantendo as festividades e conmemoracións.*
- ✓ *Apostamos polas novas tecnoloxías integrándoas no quefacer diario, dispomos dunha aula Steam que cada día funciona máis e mellor.*
- ✓ *Buscamos a colaboración e tentamos inter actuar coas familias, a contorna e as institucións.*
- ✓ *Loitamos pola igualdade, especialmente a de xénero, tentamos fomentar no alumnado espírito crítico, animándoo a valorar o que se fai ben e a buscar alternativas para o que se fai mal.*

*O noso obxectivo é, e continuará a ser que os alumnos deixen a escola cunha boa formación e con criterio propio sobre o mundo que os rodea.*

## **1.-► GRAO DE CUMPRIMENTO DA PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL . REFLEXIÓN SOBRE OS OBXECTIVOS.**

---

*A continuación avaliaremos os obxectivos definidos para este curso escolar que remata e que se especificaron na PXA.*

*Non dubidamos que nalgunha ocasión, trabucámonos nalgunhas actuacións, pero sempre estamos abertos a mellorar e modificar todo aquilo que xerou problemas internos. Teremos en conta todas e cada unha das reflexións dos mestres e tamén as conclusións da presente memoria.*

*Os mestres/mestras, alumnos e alumnas, en definitiva, toda a comunidade educativa colabora no cumprimento das normas para unha convivencia axeitada e coa axuda dos responsables das administracións educativas.*

### **● ÁMBITO DO PROFESORADO.**

*Desde o comezo do noso labor docente o 1 de setembro, os mestres da nosa escola, tanto a nivel individual como grupal e formando parte dos distintos órganos de coordinación didáctica, colaboramos na elaboración de distintos documentos, tentamos aplicar neles os distintos protocolos publicados pola Consellería e revisamos os proxectos educativos e concrecións de currículos e continuaremos facéndoo, pois o tempo é o que é, e no presente curso non conseguimos adecuar algún deles. A busca de recursos, a atención ao alumnado e ás familias foi constante.*

*Tratáronse tódolos obxectivos e moitos deles foron acadados. Dedicamos moito tempo ao PLAN DE APOIO, para os alumnos e alumnas que presentaban maiores dificultades e necesidades. Atopámonos con alumnado que presentaban grandes necesidades de apoio educativo e o cambio de persoal no departamento de orientación xunto á pouca disposición horaria da orientadora da escola non axudou a minimizar a problemática. A destacar a importante labor levada a cabo pola mestra do PROGRAMA PROA+ que comezou o 19 de outubro, fixo que nos cursos de cuarto, quinto e sexto de primaria puideran desenvolverse moitas actividades e programas de traballo. Dende a escola queremos manifestar a nosa conformidade con este proxecto que permitiu atender de xeito especial ás técnicas instrumentais cos nenos que presentaban certas dificultades e que a profesional de pedagogía pedagóxica*



*puidese centrar todo o seu traballo nos primeiros cursos de educación primaria, onde as necesidades pedagóxicas eran moitas. Os obxectivos deste programa foron acadados pola gran maioría do alumnado tal e como se reflicte na **memoria do programa**.*

*No mes de candeas tivemos a sorte de contar cunha nova mestra de apoio, pertencente ao programa **ACOMPAÑA**, que durou dende o día 14 de febreiro ata o 21 de xuño. Esta mestra traballou nos cursos baixos, educación infantil, primeiro, segundo, terceiro e cuarto curso de primaria.*

*Este curso escolar, un aspecto no que novamente houbo que facer moito fincapé foi o traballo de control dos conflitos, moitos problemas no primeiro, cuarto e sexto curso de primaria. En moitos casos e en gran medida xurde pola utilización de balóns para xogar no tempo de lecer. Tomouse a decisión dos mércores sen balón e valorárase incrementar un novo día o vindeiro curso escolar.*

*No que atinxe ao Proxecto de centro sobre a APRENDIZAXE COOPERATIVA indicar que este curso se puido traballar coma sempre, nas aulas fíxéronse grupos de catro. Nalgunha aula tivose que levar a cabo un programa de habilidades sociais e dinámicas grupais de cohesión. Nótase o lastre que deixaron os cursos COVID, no que o traballo principalmente era de carácter individual. Retomar este piar tan fundamental de traballo na escola foi duro, pero cooperar e aprender do contacto cos outros e a*

*convivencia é fundamental.*

*O curso empezaba con seis novos profesionais, profesionais que fomos quen de integrar no funcionamento habitual do centro.*

*Consideramos conqueridos os obxectivos propostos no mes de setembro e temos a firme proposta de actualizar moitos dos documentos programáticos do centro aproveitando a nova reforma educativa.*

- **ÁMBITO DA FAMILIA.**

*Continuamos a lograr ser un centro PARTICIPATIVO E SOLIDARIO a través da unión de toda a comunidade educativa na persecución dunha mesma finalidade, cada un dende as súas posibilidades, promovendo o dereito a participación de cada sector da comunidade educativa e poñendo en valor a aportación de cada axente que conforma o centro. O profesorado nota que nos últimos tempos que as familias non se achegan ao centro tanto como noutros cursos. Non sabemos se por cuestións laborais, ou outros motivos, pero nótase que hai pouca implicación co ANPA, e que cando é mester montar unha festa, organizar un obradoiro,*

*montar o escenario, sempre son os mesmos pais os que colaboran. O vindeiro curso imos enviar un calendario con datas nas que é imprescindible a colaboración familiar, deste xeito as familias poderán organizarse con tempo para colaborar e formar parte da dinámica da escola. O profesorado agradece a colaboración en moitas propostas nas que non se esixe a presenza física, actividades e retos en familia que fan que as actividades sexan moi interesantes.*

*O presente curso escolar botamos en falta unha maior implicación cando se levan a cabo actuacións, charlas informativas, club de lectura,... actividades informativas e potenciais con temas que se consideran de interese para as familias.*

- ✓ *As vías de comunicación da escola coas familias seguen a ser consolidadas, pois as comunicacións chegan xa a case todas as familias, por ABALAR MÓBIL. As novas máis importantes quedan colgadas na WEB da escola e nos distintos taboleiros informativos, sempre cumprindo a lei de protección de datos. Somos unha escola cada vez máis ecolóxica, case non utilizamos papel nas comunicacións coas familias.*
- ✓ *Incrementáronse as visitas ao Blogue da escola, e mantense a información a través do Facebook e mailo Instagram. As familias recoñecen que é unha gran fonte de información e que ao vincular o blogue co Facebook, as mensaxes chegan directamente aos dispositivos móbiles das familias, polo que a información é inmediata.*
- ✓ *A puntualidade é un obxectivo acadado, sendo moi poucos e sempre os mesmos os nenos que chegan fóra do tempo de cortesía.*

#### ● **ÁMBITO DA CONVIVENCIA.**

*No presente curso escolar houbo moitos problemas de convivencia durante o primeiro trimestre no sexto curso de primaria tendo que ser aplicado o Protocolo de Convivencia Escolar da Consellería, chegando a privación do dereito de asistencia ao centro dun alumno en varias ocasións.*

*No cuarto curso de primaria, tamén tivo que aplicarse nun par de ocasións o protocolo indicado anteriormente. Aplicáronse distintas dinámicas, controis de conducta, titorías entre iguais, e púxose en marcha o buzón de convivencia.*



*A finais do curso instalouse un banco no patio, un lugar onde pasan cousas máxicas. Comezará a funcionar en setembro.*

*No resto dos cursos fóronse afianzando os obxectivos conquistados en cursos anteriores.*

- **ÁMBITO DO ALUMNADO.**

*En xeral, os nosos alumnos e alumnas son respectuosos cos seus compañeiros, mestres e resto de persoal non docente; valoran e aceptan a os outros tal e como son pero non deixan de ser nenos e nenas polo que ao longo do curso déronse certas condutas agresivas ou de rexeitamento que foron abordadas dende o Departamento de Orientación, as Titorías e o Equipo Directivo de xeito satisfactorio.*

- **ÁMBITO DO EQUIPO DIRECTIVO.**

*O ámbito de actuación da dirección da escola é moi amplo. Temos que organizar os recursos materiais, económicos e persoais, garantir o cumprimento das leis, dirixir ao persoal do centro, favorecer a convivencia, impulsar a colaboración coas familias e co entorno do centro, convocar e presidir os órganos colexiados, entre outras moitas cousas.*

*Como **equipo directivo** consideramos que empregamos moito esforzo en dinamizar, potenciar, facilitar e coordinar todos aqueles obxectivos xerais de centro, decisións e acordos que como claustro debíamos aprobar e asumir. Tentamos ser un centro **creativo**, na busca das potencialidades de cada quen.*

*Dende o noso punto de vista, acadamos unha boa **organización** aínda que mellorable. Dedicamos moito tempo a organizar, a escoitar, a harmonizar opinións e tentamos estimular o traballo en equipo. Foi importante o traballo na busca da mellora á atención emocional do profesorado.*

*Consideramos que a **estrutura burocrática** interna e externa está totalmente consolidada, que se melloraron as comunicacións internas.*

*A aula STEM, dotada con material manipulativo, xogos de pensamento computacional, computadores, robots, Legos, impresora 3d, radio, tablets, ... fai que o noso centro sexa un centro de referencia na área da innovación, como necesidade e adaptación a realidade cambiante e como sinónimo de calidade.*

*Este curso escolar continuamos co proxecto EDIXGAL, os atrancos foron moitos, ,... pouco a pouco iremos adaptándonos pero ... demasiadas dificultades tecnolóxicas que fan que en moitas ocasións nos desesperemos. Ao outro lado do teléfono debe haber alguén disposto a axudar e con capacidade de facelo e en moitas ocasións non é así. **Levamos dende o mes de abril sen o carro de carga no sexto curso de primaria. Fixéronse queixas, escalaronse as mesmas, pero... síguese igual, polo que no terceiro trimestre algún dos mestres deixou de utilizar os computadores da aula. Non sabemos que facer para arranxar o problema, porén fixemos un plantexamento de abandonar o programa EDIXGAL.***

*Propomos mellorar e reforzar o liderado do noso equipo para que cada ámbito da vida na escola sexa impulsado tanto a nivel de organización, como de xestión e avaliación.*

**Os mestres** participaron nas accións propostas.

*O profesorado implicase e traballa a prol da formación e apoia á dirección en tódalas propostas que impliquen mellora na calidade educativa do ensino.*

*O profesorado formouse e actualizou a aula virtual da escola.*

*Ademais, continuarase o vindeiro curso co **Plan de Formación no Centro** e solicitaranse varios Proxectos de iniciativa de mellora e xa estamos inmersos no Plan de Mellora de Bibliotecas escolares e no Programa de Biblioteca Creativa. Continuaremos co proxecto Edixgal sempre e cando contemos cos medios neceserios para poder traballar adecuadamente co noso alumnado. Tamén continuaremos a valorar a participación nos plans proxecta, no PROA+, PCINCLÚE, entre outros.*

*Un reto do Equipo Directivo cara o vindeiro curso escola é a actualización de varios documentos programáticos para o que a principios do vindeiro curso escolar farase un cronograma pois este obxectivo era moi grande e non conseguimos actualizalos todos.*

*Isto é todo un reto que a Comunidade Educativa debe agradecer a este claustro de mestres que aposta firmemente por favorecer un clima propicio que permite a implantación de proxectos de innovación educativa e participación en grupos de traballo.*

*A relación co profesorado foi sempre boa.*

*Deberemos continuar traballando arreo na relación interetapas. Trataremos de seguir neste camiño para buscar unha mellora.*

***As relacións coas familias** foron cordiais, aínda que nalgúns ocasións as familias acudiron á dirección do centro por problemas de diversa índole, que foron atendidos, aínda que non solventados sempre de xeito positivo. Trasladáronse as suxestións ou peticións ás persoas correspondentes e tentouse de facilitar os contactos. Porén o noso labor está feito.*

***Coa ANPA** o trato foi moi cordial, de colaboración e axuda. A Anpa dispón dun pequeno grupo humano implicado na formación dos seus fill@s e de colaboración co profesorado. **É imprescindible que este grupo humano medre.** O traballo dun ANPA non pode recaer nun par de persoas. Manter a ilusión e gañas de facer ten que trasmítese.*

*Outro cabalo de batalla foi mellorar o patio de infantil. Estamos nelo. Fíxose unha proposta ás familias ao que chamamos PROXECTO PATIO. Buscamos a creación dun patio dinámico. Estamos na senda correcta.*

*Falando da relación coa Administración, no que atinxe ao Concello de Vigo, dicir que en moitas ocasións houbo diferencias de pareceres, informacións contradictorias, falta de escoita e falta de implicación. No principal, porteiro vixilante decepción, non se cubriu a baixa do porteiro que rematou o seu contrato a finais de ano, e cando chegou o recambio, foi en días alternos. Non podemos continuar así, esta figura é fundamental nunha escola. No tocante as deficiencias da pista deberían ser solventadas logo do xuízo que tivo lugar no pasado mes de xullo de 2021 pero **non foron subsanadas.** No relacionado co servizo de limpeza, de mal en peor. Esperamos que a nova empresa, suministre consumibles e se implique para que a escola se convirta nun espazo limpo. E en relación ao mantemento, pois que dicir, sentímonos enganados a diario.*

*Ao respecto do cambio de nome, non dan resposta, malia ter feitos moitos movementos para tentar quitar a connotación relixiosa do noso nome.*

*E seguimos na loita por un porteiro vixilante que asista á escola tódolos días, e que poida estar ao longo de todo o curso escolar.*

- ***As relacións con outros centros.** No presente curso escolar, tivemos actividades co CEIP COUTADA BEADE, por unha banda fixemos intercambio de cartas e por outra, a través do mestre de Educación Física tiveron obradoiros de Fútbol Gaélico, pero por mor de*

*problemas no servizo dos transportes, non fomos quen de facer a xornada de convivencia na escola con partidos entre ambas escolas. Deixamos este aspecto pendente para o vindeiro curso escolar.*

*Tamén tivemos actividades conxuntas co IES ALEXANDRE BÓVEDA, ofrecéronnos un concerto polo Nadal na nosa escola, e visitounos o comando igualdade, explicáronnos quenes eran, o que facían e animáronnos a crear na escola un comando coma o deles.*

*Por último tivemos unha xornada de convivencia o Día no que fixemos o pasarrúas de entroido, participando no mesmo o CEE San Francisco e coa Fundación Menela.*

## **2.- ► REFLEXIÓN SOBRE A ORGANIZACIÓN, OS HORARIOS E CALENDARIOS**

---

*Coa chegada do curso escolar, dende o equipo directivo tratamos de PLANIFICAR recursos, espazos, materiais,... Tratamos de EXECUTAR tarefas supervisando, coordinando, e tomando decisións e agora toca avaliar os procesos e os resultados dos obxectivos propostos. Valoramos o curso globalmente como positivos, aínda que hai que recoñecer que a implementación dunha nova Lei de Educación produciu dúbidas e inseguridades; con todo estas foron solucionándose e a aprendizaxe deste curso, senta base para o seguinte.*

*A xornada escolar cumpriuse segundo o establecido no calendario escolar, e os horarios de oficina funcionaron perfectamente e as persoas que requiren calquera documentación xa coñecen e teñen interiorizado o horario de atención ao público.*

*As normas xerais de funcionamento no referente ás entradas e saídas, foron asumidas e interiorizadas por parte de tódolos membros da comunidade educativa.*

*Elaboramos unha axenda de organización para ás quendas de patio, quendas de tarde, datas de avaliación, datas de entrega de informes, e sinalando todas e cada unha das festividades e conmemoracións a ter en conta. Ademais tentouse planificar todas as tardes dos martes. Dende este equipo valoramos moi positivamente esta arma de traballo, pois a pesar de levar moito tempo a súa preparación, ao longo do curso sitúanos a todos e cada un dos membros da comunidade educativa.*

*No eido pedagóxico, tivemos que solventar os problemas que foron xurdindo ao longo do curso. Temos que destacar a gran cantidade de nenos de necesidade de apoio educativo , alumnado de incorporación tardía, alumnado cun gran desfase curricular, que fixeron que se tiveran que reorganizar apoios e tempos.*

*Polo antedito, a organización da escola estivo en permanente cambio, a planificación inicial foi variando constantemente. As dificultades que presentou o alumnado, fixo que se tivesen que empregar horas de gardas por horas do profesorado en facer desdobres, apoio nas aulas, vixilancia e acompañamento dalgún alumno ao longo de moitas fases do curso escolar.*

*A escaseza de recursos humanos é considerable, so dispomos de 13h de especialista en audición e linguaxe e 10 de orientación educativa. Dende a dirección e co apoio da comunidade educativa, manifestamos que o profesorado quere que o ensino continúe a ser para todos e todas, polo que defenderemos sempre un ensino público de calidade, participando cos demais cos seus valores e as súas diferenzas pero sen minguar recursos nin absorbelos na súa totalidade, polo que apostamos decididamente por traballar de xeito cooperativo coa inspección educativa e os organismos superiores para acadar todas e cada unha das melloras mencionadas anteriormente.*

*Malia de todo isto, acadáronse obxectivos, poucos pero reais.*

## **HORARIOS EQUIPO DIRECTIVO.**

---

*Ainda que sabemos que non se poden modificar, manifestar que son moi escasos para a gran carga burocrática que se nos asigna. Por outra banda temos que destacar que se cumpriu plenamente o horario de coordinación salvo nos días nos que foi necesario cubrir aulas pola ausencia do profesorado. Precisariamos un administrativo compartido con outro centro para estar en igualdade de condicións cos centros máis grandes.*

## **ACTIVIDADES DO CLAUSTRO.**

---

*O calendario de reunións propostas a principio de curso foron levadas a cabo e fíxose algunha máis das establecidas por mor de situacións xurdidas ao longo do curso. Tratáronse temas relativos á marcha cotiá do centro, así como outros de carácter máis específico do momento.*

## PROPOSTAS PARA O VINDEIRO CURSO

---

- *Establecer, de inicio, pautas de actuación, durante as xuntanzas e claustros.*
- *Asistencia obrigatoria ás xuntanzas ( con ánimo construtivo).*
- *Programación de tempos en cada un dos puntos da orde do día.*
- *Solicitud de inclusión de puntos da orde do día con anterioridade á celebración dos mesmo para evitar o apartado de pedimentos e suxestións.*
- *Continuaremos a enviar as actas a través do correo corporativo da Consellería, para evitar a lectura na xuntanza. Este curso quedou demostrado que axiliza os tempos.*
- *Potenciar a relación inter centros.*
- *Continuar promovendo e apoiando iniciativas que fomente a mellora do funcionamento do centro e que repercutan directamente no alumnado.*
- *Propoñer alternativas e plans de mellora.*

## ACTIVIDADES DO CONSELLO ESCOLAR.

---

*Fixéronse as xuntanzas previstas . Os temas tratados nestas xuntanzas, atinxían ao desenvolvemento das actividades, nas que participa toda a comunidade escolar. Este curso renovouse a constitución do mesmo e o membro representante do concello e da ANPA variou nos últimos consellos.*



### 3.-► REFLEXIÓN SOBRE A ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DOS ESPAZOS E RECURSOS EDUCATIVOS.

---

*No que atinxe aos espazos indicar que practicamente todos os espazos do centro foron aproveitados para desenvolver diferentes actividades, incluídos espazos de tránsito como corredores ou os halls das entradas: exposicións, recuncho de xogos, recunchos literarios, recunchos de investigación...*

*A pesar de ter seis mestres novos na escola, contando sempre coa inestimable axuda dos compañeiros, a organización dos espazos funcionou razoablemente ben. Non houbo ao longo do curso practicamente incidencias no uso dos espazos comúns. O respecto aos protocolos e horarios establecidos, fai que a convivencia sexa doada.*

*Os recursos foron suficientes e cando non foi así, adquiríronse cando se necesitaron.*

*Parte do profesorado pensa que sería preciso racionalizar a inxente cantidade de actividades nas que participa a nosa escola, seleccionando aquelas que mellor se adapten ao proxecto e ao grupo clase. Pode ser, que logo de varios anos sen actividades, por mor da COVID, este curso se aceptasen moitas propostas de actividades extraescolares das que xorden, sen planificación inicial, e que se consideran interesantes. Unha boa proposta de mellora para os equipos de ciclo. O que non cabe dúbida é que as celebracións conmemoracións indicadas na orde do calendario escolar deben celebrarse.*

*As familias colaboran coa escola, axúdannos en ocasións, nas montaxes e desmontaxes de escenarios, e tentan solicitar o uso de instalacións coa antelación suficiente como para que non xurdan inconvenientes.*

*A relación coa Inspección Educativa, A Xefatura Territorial, a Consellería e mailo Concello foi a adecuada para o bo funcionamento da escola e en máis dunha ocasión co Concello tivemos diferentes pareceres e ao ser nós a parte prexudicada, tivemos que por moito empeño para que se nos fixese caso, e aínda así non acadamos solventar os problemas. Co Concello e a través do programa de medianeiras conseguíuse que parte da pista fora decorada con "motivos do mar de Bouzas"*

*Baixo a nosa óptica, o trato coa inspección educativa, neste momento, é de colaboración e axuda constante, é importante contar coa axuda de inspección para solucionar calquera dúbida o problema que nos vai xurdindo.*



*Polo que atinxe á Consellería, boas palabras, trato axeitado pero poucas axilidade na busca de solucións perante os problemas presentados por mor das deficiencias de obra. Parece que a ao longo do verán acometeranse as obras para o arranxo do patio..*

*Xa falando do Concello, dende este equipo docente solicítase a súa intervención para solucionar problemas coa empresa de limpeza que cambiou constantemente ao persoal ao longo do curso, escaseou no envío de consumibles. É imprescindible un bo funcionamento do servizo. Por outra banda, seguimos a espera de noticias sobre o cambio de nome da escola.*

## **4.-► MEMORIA-VALORACIÓN DOS DISTINTOS NIVEIS E ETAPAS EDUCATIVAS.**

---

### **EDUCACIÓN INFANTIL**

---

*A educación infantil constitúe unha etapa educativa moi importante, é a porta de entrada á escola, ten seus propios obxectivos. Se trata dunha etapa que ten a súa continuidade na educación primaria. Isto esixe a coordinación entre ambas etapas. Coordinación que en ningún caso se entende como a supeditación dunha etapa a outra, senón como un instrumento que asegure a coherencia entre ambas e que prorrogue os procesos educativos iniciados nesta etapa.*

*En Educación infantil a aprendizaxe é un proceso dinámico que ten lugar coa interacción dos cativos coa contorna. Cada nena e cada neno ten o seu ritmo de maduración, desenvolvemento e aprendizaxe.*

*Nesta etapa, máis que en outras, a participación e a colaboración familiar é fundamental. Premendo nos cursos enlazaredes á memoria de cada un deles.*

[CUARTO CURSO INFANTIL](#)

[QUINTO CURSO INFANTIL](#)

[SEXTO CURSO INFANTIL](#)



## EDUCACIÓN PRIMARIA.

*Cada curso, coa súa casuística particular elaborou a memoria correspondente tendo en conta o mesmo patrón, as debilidades e fortalezas do grupo, características do alumnado, actividades desenvoltas, análise dos resultados, táboa de asistencia, dificultades atopadas e propostas de mellora.*

*Premendo nos distintos cursos, enlazaremos coa memoria de cada un deles.*

---

<a href="#"><u>PRIMEIRO CURSO</u></a>	<a href="#"><u>TERCEIRO CURSO</u></a>	<a href="#"><u>QUINTO CURSO</u></a>
<a href="#"><u>SEGUNDO CURSO</u></a>	<a href="#"><u>CUARTO CURSO</u></a>	<a href="#"><u>SEXTO CURSO</u></a>

## 5.-► MEMORIA-VALORACIÓN DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

---

*Moitas son as actividades desenvoltas ao longo do curso escolar pois no calendario escolar temos moitas festas e conmemoracións que debemos celebrar nas escolas. Chega agora o momento da valoración das mesmas. Pódese ler a memoria deste departamento na seguinte ligazón.*

[MEMORIA ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES](#)



## 6.-► MEMORIA-VALORACIÓN DOS ESPECIALISTAS

### ● MEMORIA DAS NOVAS TECNOLOXÍAS

É a mesma que a presentada dentro da Biblioteca creativa. [Preme na ligazón](#).

En relación coa Memoria do Plan Dixital, non hai que engadila na memoria xeral, será está elaborado en EduCalidade, onde se pode realizar o seguimento. A partir de setembro, poderán precargar novamente o Plan Dixital actual e facer os cambios que se consideren necesarios para o Plan Dixital do curso 2023/ 2024.

- MEMORIA LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS
- RELIXIÓN CATÓLICA
- EDUCACIÓN FÍSICA
- EDUCACIÓN MUSICAL
- EDUCACIÓN ARTÍSTICA: PLÁSTICA



## 7.-► MEMORIA-VALORACIÓN DAS ACTIVIDADES DE FORMACIÓN.

A formación foi axeitada e boa malia que algúns dos relatores non ofreceu o que se esperaba. Participar xuntos nun PFPP nunha mesma liña de traballo é moi positivo.

TÍTULO DA ACTIVIDADE	
<b>ANGELA NOVOA BLANCO</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>● (PFPP V2231126) V2206215 - PFPP V2231126 Ferramentas audiovisuais no CEIP Virxe do Rocío.</li><li>● (PFPP V2231126) V2206214 - PFPP V2231126 Actuacións formativas dentro do Plan dixital no CEIP Virxe do Rocío.</li></ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>V2231126 - PFPP 2022/2023 36010009 - CEIP Virxe do Rocío</b></li> <li>• G2201068 - <i>Do conto á curta. A dinamización do galego a través da creación audiovisual. Plan Proxecta</i></li> <li>• G2214005 - <i>Avanzando na dixitalización do sistema educativo galego</i></li> <li>• G2202043 - <i>Biblioteca creativa. Curso 2022/2023</i></li> <li>• G2214007 - <i>Congreso Competencias profesionais docentes</i></li> </ul>
<b>BEGOÑA O. FERNÁNDEZ GONZÁLEZ</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• (PFPP V2231126) V2206215 - PFPP V2231126 Ferramentas audiovisuais no CEIP Virxe do Rocío.</li> <li>• PFPP V2231126) V2206214 - PFPP V2231126 Actuacións formativas dentro do Plan dixital no CEIP Virxe do Rocío.</li> <li>• <b>V2231126 - PFPP 2022/2023 36010009 - CEIP Virxe do Rocío</b></li> <li>• G2201068 - <i>Do conto á curta. A dinamización do galego a través da creación audiovisual. Plan Proxecta</i></li> </ul>
<b>ANA ROSA PÉREZ COMESAÑA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• (PFPP V2231126) V2206215 - PFPP V2231126 Ferramentas audiovisuais no CEIP Virxe do Rocío.</li> <li>• PFPP V2231126) V2206214 - PFPP V2231126 Actuacións formativas dentro do Plan dixital no CEIP Virxe do Rocío.</li> <li>• <b>V2231126 - PFPP 2022/2023 36010009 - CEIP Virxe do Rocío</b></li> <li>• G2201068 - <i>Do conto á curta. A dinamización do galego a través da creación audiovisual. Plan Proxecta</i></li> <li>• G2202138 <i>Xornada dos clubs de lectura. Curso 2022/2023.</i></li> <li>• G2203018 <i>Encontros dos centros do Plan de mellora de bibliotecas escolares. Curso 2022/2023 (1 - 17 convocatoria)</i></li> <li>• G2201104 <i>Xestión informatizada da biblioteca escolar. Programa KOHA.</i></li> <li>• G2202027 <i>Xornada de bibliotecas escolares de Galicia. Curso 2022/2023.</i></li> <li>• X2123049 <i>Plan de mellora de bibliotecas escolares.</i></li> <li>• X2123044 <i>Clubs de Lectura.</i></li> <li>• G2101144 <i>Elaboración de programación coa aplicación informática PROENS.</i></li> </ul>
<b>MÓNICA DÍAZ PRADA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• (PFPP V2231126) V2206215 - PFPP V2231126 Ferramentas audiovisuais no CEIP Virxe do Rocío.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <i>PFPP V2231126) V2206214 - PFPP V2231126 Actuacións formativas dentro do Plan dixital no CEIP Virxe do Rocío.</i></li> <li>• <b>V2231126 - PFPP 2022/2023 36010009 - CEIP Virxe do Rocío</b></li> <li>•</li> </ul>
<b>MARILUZ PAZ SILVA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <i>(PFPP V2231126) V2206215 - PFPP V2231126 Ferramentas audiovisuais no CEIP Virxe do Rocío.</i></li> <li>• <i>PFPP V2231126) V2206214 - PFPP V2231126 Actuacións formativas dentro do Plan dixital no CEIP Virxe do Rocío.</i></li> <li>• <b>V2231126 - PFPP 2022/2023 36010009 - CEIP Virxe do Rocío</b></li> <li>•</li> </ul>
<b>CARMEN ARNAIZ MENDEZ</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <i>(PFPP V2231126) V2206215 - PFPP V2231126 Ferramentas audiovisuais no CEIP Virxe do Rocío.</i></li> <li>• <i>PFPP V2231126) V2206214 - PFPP V2231126 Actuacións formativas dentro do Plan dixital no CEIP Virxe do Rocío.</i></li> <li>• <b>V2231126 - PFPP 2022/2023 36010009 - CEIP Virxe do Rocío</b></li> <li>•</li> </ul>
<b>MERCEDES DIZ VEGA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <i>(PFPP V2231126) V2206215 - PFPP V2231126 Ferramentas audiovisuais no CEIP Virxe do Rocío.</i></li> <li>• <i>PFPP V2231126) V2206214 - PFPP V2231126 Actuacións formativas dentro do Plan dixital no CEIP Virxe do Rocío.</i></li> <li>• <b>V2231126 - PFPP 2022/2023 36010009 - CEIP Virxe do Rocío</b></li> <li>•</li> </ul>
<b>CONSUELO PÉREZ FALQUE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <i>(PFPP V2231126) V2206215 - PFPP V2231126 Ferramentas audiovisuais no CEIP Virxe do Rocío.</i></li> <li>• <i>PFPP V2231126) V2206214 - PFPP V2231126 Actuacións formativas dentro do Plan dixital no CEIP Virxe do Rocío.</i></li> <li>• <b>V2231126 - PFPP 2022/2023 36010009 - CEIP Virxe do Rocío</b></li> <li>• <i>G2201068 - Do conto á curta. A dinamización do galego a través da creación audiovisual. Plan Proxecta</i></li> <li>• <i>X2214007 Congreso de convivencia e benestar emocional.</i></li> <li>•</li> </ul>

<p><b>LORENA RODRIGUEZ RODRIGUEZ</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• (PFPP V2231126) V2206215 - PFPP V2231126 Ferramentas audiovisuais no CEIP Virxe do Rocío.</li> <li>• PFPP V2231126) V2206214 - PFPP V2231126 Actuacións formativas dentro do Plan dixital no CEIP Virxe do Rocío.</li> <li>• <b>V2231126 - PFPP 2022/2023 36010009 - CEIP Virxe do Rocío</b></li> <li>• G2201068 - Do conto á curta. A dinamización do galego a través da creación audiovisual. Plan Proxecta</li> <li>•</li> </ul>
<p><b>OLGA ÁLVAREZ SÁNCHEZ</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• (PFPP V2231126) V2206215 - PFPP V2231126 Ferramentas audiovisuais no CEIP Virxe do Rocío.</li> <li>• PFPP V2231126) V2206214 - PFPP V2231126 Actuacións formativas dentro do Plan dixital no CEIP Virxe do Rocío.</li> <li>• <b>V2231126 - PFPP 2022/2023 36010009 - CEIP Virxe do Rocío</b></li> <li>•</li> </ul>
<p><b>JUAN LUIS FERNÁNDEZ PÉREZ</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• (PFPP V2231126) V2206215 - PFPP V2231126 Ferramentas audiovisuais no CEIP Virxe do Rocío.</li> <li>• PFPP V2231126) V2206214 - PFPP V2231126 Actuacións formativas dentro do Plan dixital no CEIP Virxe do Rocío.</li> <li>• <b>V2231126 - PFPP 2022/2023 36010009 - CEIP Virxe do Rocío</b></li> <li>• G2201068 - Do conto á curta. A dinamización do galego a través da creación audiovisual. Plan Proxecta</li> <li>•</li> </ul>
<p><b>REBECA ARGIBAY</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• (PFPP V2231126) V2206215 - PFPP V2231126 Ferramentas audiovisuais no CEIP Virxe do Rocío.</li> <li>• PFPP V2231126) V2206214 - PFPP V2231126 Actuacións formativas dentro do Plan dixital no CEIP Virxe do Rocío.</li> <li>• <b>V2231126 - PFPP 2022/2023 36010009 - CEIP Virxe do Rocío</b></li> <li>• G2201068 - Do conto á curta. A dinamización do galego a través da creación audiovisual. Plan Proxecta</li> <li>• G2201025 – Elaboración de programacións coa aplicación informática PROENS para infantil e primaria.</li> <li>• P2202013 – Metodoloxías e integración das TIC na aula de música.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <i>G2201135 – Formación para a acreditación da competencia dixital docente nas áreas 5 e 6 do nivel B1.</i></li> </ul>
<b>EVA M<sup>a</sup> MADARNÁS RODRÍGUEZ</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <i>(PFPP V2231126) V2206215 - PFPP V2231126 Ferramentas audiovisuais no CEIP Virxe do Rocío.</i></li> <li>• <i>PFPP V2231126) V2206214 - PFPP V2231126 Actuacións formativas dentro do Plan dixital no CEIP Virxe do Rocío.</i></li> <li>• <b><i>V2231126 - PFPP 2022/2023 36010009 - CEIP Virxe do Rocío</i></b></li> <li>•</li> </ul>
<b>OLALLA LEÓN SOTELO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <i>(PFPP V2231126) V2206215 - PFPP V2231126 Ferramentas audiovisuais no CEIP Virxe do Rocío.</i></li> <li>• <i>PFPP V2231126) V2206214 - PFPP V2231126 Actuacións formativas dentro do Plan dixital no CEIP Virxe do Rocío.</i></li> <li>• <b><i>V2231126 - PFPP 2022/2023 36010009 - CEIP Virxe do Rocío</i></b></li> <li>• <i>G2201068 - Do conto á curta. A dinamización do galego a través da creación audiovisual. Plan Proxecta</i></li> <li>• <i>Formación permanente do profesorado X2201095 Canva. Deseño e creación de materiais didácticos e ferramentas colaborativas docente-alumnado.</i></li> </ul>
<b>SARA FERNÁNDEZ IGLESIAS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <i>(PFPP V2231126) V2206215 - PFPP V2231126 Ferramentas audiovisuais no CEIP Virxe do Rocío.</i></li> <li>• <i>PFPP V2231126) V2206214 - PFPP V2231126 Actuacións formativas dentro do Plan dixital no CEIP Virxe do Rocío.</i></li> <li>• <b><i>V2231126 - PFPP 2022/2023 36010009 - CEIP Virxe do Rocío</i></b></li> </ul>
<b>SILVIA GONZÁLEZ ALONSO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <i>G2202133_Xornada de atención á diversidade</i></li> <li>• <i>G2201031 - Formación inicial en igualdade para funcionariado en prácticas</i></li> <li>• <i>G2201029_Curso de galego para o profesorado en prácticas</i></li> <li>•</li> </ul>

- G2214008 – Educación dixital, espazos de aprendizaxe: Polos creativos e STEAM
- G2202133\_Xornada de atención á diversidade
- A maxia está no ensino USC. UNIDADE DE INVESTIGACIÓN E INTERVENCIÓNEN DISLEXIA

## 8.- ► MEMORIA-VALORACIÓN DO PERSOAL NON DOCENTE.

---

- **COIDADORA.** Este curso escolar tivemos a sorte de contar con persoal coidador, polo que mestres e familia, tivemos un curso moito máis levadeiro, a pesar que os inicios foron duros, con varios cambios de coidador por problemas de IT. Logo tivemos a sorte de contar con unha excelente profesional e persoa que colabora e axuda no quefacer diario. Agradecer o seu traballo e a súa implicación con tódolos cativos, mestres e familias. Sen dúbida unha gran profesional para a nosa escola.
- **PORTEIRO VIXILANTE.** Tivemos a dúas persoas diferentes ao longo do curso. Na actualidade contamos cun porteiro que comezou o seu contrato no mes de marzo e rematará no día de hoxe. Solicitarase que para un bo funcionamento da escola, sexa nombrada unha persoa de xeito indefinido.

## 9.- ► MEMORIA-VALORACIÓN SERVIZOS ESCOLARES COMPLEMENTARIOS.

---

**No que atinxe ao COMEDOR ESCOLAR, dicir que o presente curso escolar a adxudicación do servizo foi á empresa ALSAGA. Tivemos incidencias coas temperaturas, a pouca cantidade de comida,... e fundamentalmente, a falta de intención de mellora, cando se informa de deficiencias no servizo, temos boas palabras, pero os problemas non se solventan. A calidade das sobremesas tamén e pouca, repetíndose constantemente as froitas servidas: mazá, pera, laranxa, e así sucesivamente.**

No tocante ao Transporte poderíase indicar que non houbo problemas.

## 10.-► MEMORIA-VALORACIÓN DAS RELACIÓNS E ACTIVIDADES FAMILIA. ESCOLA E OUTROS CENTROS, INSTITUCIÓNS E COLABORADORES.

---

- *Colaboracións con outras institucións. Colaborouse fundamentalmente coa asociación de veciños Casco Vello, coa Deputación, co Colexio Oficial de Arquitectura, con Vigolandia, e co Concello.*
- *Tamén se colaborou coa Universidade de Vigo e coa Deputación de Pontevedra.*
- *Tivemos moitas necesidades de axuda por parte do departamento de menores da Xunta, servizos sociais do Concello, e incluso co SAF e a fiscalía de menores. .*
- *Moi positiva a colaboración co instituto adscrito.*
- *Moi boa a experiencia intercentros cando a houbo.*
- *Boa colaboración dos pais.*

## 11.-MEMORIA DE SECRETARÍA.

---

*O traballo da secretaría do centro, desenvolveuse, como cada curso, con máis boa vontade que tempo e recursos.*

*Foron elaborados novos modelos de documentación para solicitude de praza e matrícula, máis simples que os anteriores, actualizados e adaptados á lei de Protección de Datos e a nova directriz da Xunta que obriga a facer constar na documentación que o pai asinante exime á Consellería de todas responsabilidades.*

*Atendéronse tódolos requirimentos de certificacións presentados, tanto de alumnado actual do centro como de antigos alumnos.*

*O proceso de solicitude de admisión e do de matriculación, así como os de solicitude de bolsas (comedor, libros...) resultaron dificultosos.*

*Polo que atinxe ao aspecto económico, a xestión desenvolveuse con relativa satisfacción, tendo presentados en tempo e forma os balances anuais tanto na Consellería (Orzamentos) coma no Concello (Autoxestión).*



## 12.- ► MEMORIA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

*Este Departamento de Orientación é compartido, co CEIP. Párroco Don Camilo e en audición e linguaxe co CEIP Emilia Pardo Bazán, e está composto pola Xefa do Departamento (compartida), a mestra de Pedagogía Terapéutica (definitiva a tempo completo,) e o mestre de Audición e Linguaxe, tamén compartido. Precisamos solucionar o problema da orientación; un servizo que consideramos fundamental e que vai a variar anualmente. Indicamos que estamos contentos pois conseguíuse que a partir do vindeiro curso, o mestre de audición e linguaxe sexa definitivo na escola compartindo con outro centro, que pode variar curso a curso.*

*A seguinte memoria ten como referente o "Plan Anual de Orientación" xustificada tanto no contexto legal como no contexto do centro, coas súas características e necesidades propias. Trata de facer unha valoración global do traballo realizado durante o presente curso e do grao de consecución dos obxectivos programados. Poden vela na seguinte [ligazón](#)*

- [MEMORIA PEDAGOXÍA TERAPEÚTICA](#)
- [MEMORIA AUDICIÓN E LINGUAXE](#)


*Dende este departamento indícase que podería ser interesante a formación sobre educación, xestión emocional e para a prevención de posibles conflitos, tal e como se fixo no presente curso escolar.*



## 13.- ► MEMORIA DA BIBLIOTECA

A memoria de biblioteca poden lela na seguinte [ligazón](#) Podemos dicir que a actividade da biblioteca invade a vida do centro e podemos telo todo na man, nun clic. Preme na imaxe para interactuar con ela.





*Traballo arduo que implica moitas horas fóra do horario , máis este curso no que tívose que migrar do Meiga ao Koha, sistema de xestión. Na actualidade todos os fondos foron re etiquetados e teжелados. Fíxose expurgo e estamos orgullosos do traballo levado a cabo.*

*Indicar que serían necesarias máis reunións para maior coordinación e distribucións de pequenos traballos a realizar por outros membros do equipo, personalizados, de xeito que conseguiramos máis eficacia , sobre todo en relación coas Tics e a "alimentación" do blogue para que sexa útil tamén para o profesorado, os enigmas ...*

*Este curso houbo mais colaboración por parte das familias para desenvolver actividades de "meta biblioteca" é dicir, activades que xorden deste equipo pero que non se desenvolven fisicamente nela.*

*Con respecto ao traballo técnico deste área, seguimos as tres persoas que temos horario específico para esa función. Os resultados, en xeral, no alumnado son bós, observamos que progresivamente aumenta o interese e o nivel lector do colexio .*

Participouse no programa de Biblioteca Creativa, na cal tivemos un orzamento. Esta é a súa [memoria](#). Ao igual que na memoria de biblioteca creouse un deseño interactivo onde poder gozar coas actividades da mesma. Se premes na imaxe podes gozar da súa inter actividade.

**BIBLIOTECA CREATIVA**  
CEIP. VIRXE DO ROCÍO  
36010009

**1** PRIMEIRO TRIMESTRE  
RADIO ESCOLAR

**2** SEGUNDO TRIMESTRE  
PROXECTOS CREATIVOS

**3** TERCEIRO TRIMESTRE  
PREMIOS E RECOÑECEMENTOS

CARTACES CREATIVOS

ESCRIBIR PARA COMUNICAR

CONTANDO HISTORIAS

O BLOGUE DA BIBLIOTECA,  
O BLOGUE DE PICOLINDO

BIBLIOTECA CREATIVA

Bibliotecas escolares de Galicia

GRUPO DE DESEÑADORES DA LIBRETA GALICIA

O Resiro  
CEIP. VIRXE DO ROCÍO - COD. 36010009 VIGO

The infographic features a central orange circle with a white border containing the text 'BIBLIOTECA CREATIVA' and 'CEIP. VIRXE DO ROCÍO 36010009'. A cartoon bird character is in the center. Three yellow circles with numbers 1, 2, and 3 are arranged around the circle, each pointing to a specific activity or trimester. The activities include 'RADIO ESCOLAR' (with a microphone icon), 'PROXECTOS CREATIVOS' (with a quill icon), 'PREMIOS E RECOÑECEMENTOS' (with a cartoon character icon), 'CARTACES CREATIVOS' (with a book icon), 'ESCRIBIR PARA COMUNICAR' (with a hand writing icon), and 'CONTANDO HISTORIAS' (with a book and pencil icon). The background is blue. Several logos are present: 'BIBLIOTECA CREATIVA' in the top right, 'Bibliotecas escolares de Galicia' in a vertical banner on the right, 'GRUPO DE DESEÑADORES DA LIBRETA GALICIA' with puzzle pieces, 'O Resiro' with a sailboat, and 'O BLOGUE DA BIBLIOTECA, O BLOGUE DE PICOLINDO' in the bottom left.

## 14.-► MEMORIA DO EDNL

---

*Neste curso o equipo EDNL funcionou moi ben, coordinándonos mellor entre os membros do equipo e distribuíndo mellor as tarefas a desenvolver. Todas as actividades desenvolvidas están recollidas na memoria do PFUG, polo que aquí só facemos esta valoración xeral do funcionamento do equipo EDNL. As tarefas que se desenvolveron, relacionadas coas festividades e co proxecto de expertos son valoradas positivamente. Tamén no relativo á mudanza de nome da escola, desenvolvendo varias actividades que contaron coa cooperación da maior parte do profesorado. Desenvolvememos tamén unha actividade intercentros que contou coa colaboración de outras escolas da contorna, así como a colaboración das familias en diversas actividades, polo que a valoración xeral é moi positiva. A memoria do PFUG, pode verse premendo na seguinte [ligazón](#).*

## 15.-► MEMORIA-VALORACIÓN DA AVALIACIÓN.

---

*Malia tódolos atrancos os resultados foron moi bos pois cos poucos recursos humanos e materiais (equipamento informático) dos que dispomos e a gran cantidade de alumnado de necesidades de apoio educativo. O nivel de asistencia dos alumnos á escola é considerablemente bo.*

*A asistencia do profesorado á escola o presente curso escolar foi moi regular.*

*O tocante aos resultados académicos, dicir que o 100% do alumnado promociona de curso, aínda que unha pequena porcentaxe promociona ao curso seguinte con algunha materia suspensa.*

*A pesar de contar con profesorado adicional grazas ao programa PROA+ e o PROGRAMA ACOMPAÑA, non foron demasiadas a melloría nos resultados finais dos nenos e nenas participantes no proxecto. Non so se aprende e se traballa na escola, a familia xoga un papel moi importante sobretudo nestas idades tan tempranas.*



## 16.-► MEMORIA-VALORACIÓN DA FORMACIÓN DO PROFESORADO.

---

*A formación realizada polo profesorado foi moi interesante en xeral. No presente curso escolar fixemos dous cursos de formación en centros. No que se refire ao curso "Ferramentas Audiovisuais" iniciado xa en cursos pasados, houbo diferentes sesións con diferentes valoracións. Inda que en xeral foron interesantes e con aplicación práctica na aula, houbo algunha sesión de formación con temática algo repetida con respecto a sesións de formación anteriores.*

*No curso "Nós tamén creamos" pénsase que foi moi interesante, sobre todo con moita aplicación na aula mellorando a creatividade e a expresión oral de xeito notable.*

## 17.-► VALORACIÓN GLOBAL, PROPOSTAS DE MELLORA E INNOVACIÓN.

---

*A valoración global do curso foi positiva, destacando como propostas de mellora:*

- *Continuar traballando nas aprendizaxes baseadas en proxectos, posto que permiten traballar outros aspectos alén dos simplemente memorísticos, como as habilidades comunicativas en público, a reestruturación dos contidos...*
- *Continuar co traballo da aprendizaxe cooperativa, mediante tarefas colaborativas en equipo pois axudan a afianzar diferentes destrezas e habilidades necesarias na vida cotiá: negociación, reparto de tarefas, valorar e ser valorado polos compañeiros e compañeiras no traballo desenvolvido.*
- *Regular os tempos e usos das pantallas, centrando o seu uso en tarefas específicas que sirvan para mellorar as competencias dixitais (editar textos, vídeos, audios, facer presentacións, enviar e-correos, buscar e seleccionar información... pero evitando que sexan empregadas para o estudo das materias o que se vexa substituído o traballo en papel no caderno polo uso das pantallas.*

*PFPP (Proxecto de Formación Permanente do Profesorado) da nosa escola deberá ter a súa continuidade o vindeiro curso 2023/2024 para o cal solicitaremos a participación e aló polo mes de outono cando teñamos asignado asesor, buscaremos novas formacións. Estas formacións son necesarias para mellorar o proceso de ensino aprendizaxe e dar resposta a todos os cambios que se producen no ámbito escolar e social.*

*Acordaremos a planificación das sesións de formación para o persoal docente, onde se presenten os conceptos do DUA e do Aprendizaxe Cooperativo, así como as ferramentas e aplicacións seleccionadas. Buscaremos poñentes que nos realicen demostracións prácticas das actividades e nos invite ao profesorado a experimentar e inter actuar fomentando a reflexión sobre a aplicación destas metodoloxías nas aulas.*

*Acórdase tamén continuar coa solicitude dos programas PROA+, PROGRAMA ACOMPAÑA, PC INCLÚE, que teñen unha valoración moi positiva por parte do profesorado, do alumnado e mailas familias.*

*Continuarase actualizando e mellorando o plan dixital do centro a través da plataforma Educalidade onde está aloxada a valoración final deste curso.*

*En xeral, as actividades desenvoltas ao longo deste curso académico foron apropiadas e prácticas para poder desenvolver actividades na aula pero para parte do profesorado resultaron sinxelas, porén propónse cambiar as formacións do PFPP para que sexan máis aproveitables no día a día de tódalas aulas. Hai varios cursos que non recibimos formación na aprendizaxe cooperativa, e parte do profesorado cambiou, polo que faise unha proposta de traballo buscando un enfoque que elimine barreiras, que atenda á diversidade de necesidades de formación do alumnado acorde no contexto da nosa escola.*

### ***Proposta de traballo sobre a Introducción ao DUA e á aprendizaxe cooperativa.***

- *Explica os conceptos básicos do Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA), destacando a súa importancia para abordar a diversidade de necesidades dos estudantes e promover a inclusión.*
- *Lembrar que **a aprendizaxe cooperativa** como un enfoque que fomenta a colaboración, a interacción e a responsabilidade compartida no alumnado. Roles no traballo cooperativo e funcións. Diario de aula, diario de equipo...*
- *Destacar os beneficios do DUA e da aprendizaxe cooperativa, como a mellora do rendemento académico, o desenvolvemento de habilidades sociais e emocionais, e a promoción da participación activa do alumnado*
- *Buscar ferramentas e aplicacións que axuden a dinamizar as actividades de aprendizaxe cooperativa...*
- *Quizais entre o profesorado podemos buscar algunhas xornadas para intercambio de experiencias. Sabemos que dentro da aula se fan cousas moi aproveitables por todas, pero moitas veces quedan aí e sería bo compartilas.*

### ***A MELLOR MELLORA E INNOVACIÓN E PODER GOZAR DA APRENDIZAXE DO ALUMNADO.***

*De cara ó vindeiro curso ademais do grupo de traballo ou PFPP, propónse a participación nos seguintes programas da Consellería:*

- PLAMBE
- BIBLIOTECA CREATIVA
- CLUB DE LECTURA
- BIBLIOTECAS SOLIDARIAS
- PROGRAMA DE INTRODUCCIÓN Á ROBÓTICA
- PROA+
- PROGRAMA ACOMPAÑA
- PLAN PROXECTA
- EDIXGAL
- POLOS CREATIVOS

*Valorase dun xeito especial a autoavaliación docente coa finalidade de melloras no proceso de ensino aprendizaxe e en grande medida as actuacións do departamento de Orientación, as titorias, as coordinacións cos especialistas e os documentos elaborados. e/ ou habilidades interpersonais.*

*Potenciar o traballo conxunto e colaborativo de forma que sexamos un equipo transdisciplinar, incidindo sobre outras aprendizaxes mentres provocas outras.*

*Sería de interese fomentar a formación no centro en resolución de conflitos do alumnado, intelixencia emocional e/ ou habilidades interpersonais.*

*Trala redacción desta memoria, celébrase o claustro fin de curso, coa finalidade de estudar a mesma e chegar a conclusións que nos serán de grande axuda para afrontar o novo curso escolar 2022/2023 que se avexiña.*

## 18.- ► APROBACIÓN DA PRESENTE MEMORIA.

---

*Esta memoria foi aprobada por Claustro e Consello escolar o xoves 29 de xuño de 2023.*

*A Directora*

*Ángela Novoa Blanco*